



## **ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO MUNICIPAL DA PRAZA DE ABASTOS E MERCADO PÚBLICO**

### **Artigo 1.- Fundamento e natureza**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por prestación de servizos ou a realización de actividades administrativas de competencia local, polo “servizo municipal da praza de abastos e mercado público”, que se rexerá pola presente Ordenanza, as normas das cales atenden ó previsto no artigo 58 en relación co artigo 20.4.u), ambos da Lei 39/1998, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, de acordo coa modificación establecida na Lei 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do Réxime Legal das Taxas Estatais e Locais e de Reordenación das Prestacións Patrimoniais e de Carácter Público.

### **Artigo 2.- Obrigados ao pagamento**

Están obrigados solidariamente ao pagamento da taxa regulada nesta Ordenanza:

- a) Os titulares das respectivas licenzas e autorizacións municipais, así como os usuarios dos bens ou instalacións do Mercado de Abastos.
- b) Os propietarios ou arrendatarios dos elementos colocados na vía pública ou bens de uso público.
- c) As persoas ou entidades encargadas da colocación, retirada ou vixilancia dos devanditos elementos.

### **Artigo 3.- Contía**

1. A contía da Taxa regulada nesta Ordenanza será fixada nas tarifas contidas no apartado seguinte, para cada un dos servizos ou actividades.

2. As tarifas desta Taxa serán as seguintes:

#### Tarifa 1ª:

- Postos 1, 2, 3 e 8 ..... **12,020242 euros/m<sup>2</sup>.-mes**
- Postos 4 e 5 ..... **9,015182 euros/m<sup>2</sup>.- mes**
- Postos 6 e 7 ..... **7,512651 euros/m<sup>2</sup>.- mes**

#### Tarifa 2ª: Mercado público.

- Metro lineal (con fondo de posto de 3 m.) ..... **0,601012 euros.**
- Para a venda de froitos do país polos labradores farase unha bonificación do prezo nun 50 por 100



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

### Artigo 4.- Documentación

Todos os mercadores interesados en instalar un posto no mercado de Foz, deberán presentar nas dependencias deste Concello a seguinte documentación orixinal ou fotocopia compulsada:

- IAE correspondente
- Carné de manipulador de alimentos, no seu caso
- No caso de cooperativas, documentación orixinal ou copia compulsada de que se pertence a ela
- Xustificante de estar ó corrente no pagamento

### Artigo 5.- Situación

Intentando respectar a situación actual, o mercado instalarase do seguinte xeito:

Na rúa Paco Maañón, dende a Igrexa ata Lanas Pili, os señores/as da verdura.

Entre a Lonxa de Pescadores e a esquina do Peirao colindante coa Praza Conde de Fontao, en forma de ele os panadeiros.

Na explanada do Peirao sempre e cando exista o permiso de Portos, o resto dos postos de alimentación, téxtil, calzado, peixe, etc., segundo plano que se une formando parte desta Ordenanza.

### Artigo 6.- Tarxeta identificativa.

Cada posto posuirá unha tarxeta identificativa que á súa vez pode servir de autorización deste Concello, e constará dos seguintes datos:

- Número de identificación asignado.
- Nome persoal ou xurídico.
- Domicilio social.
- Teléfono.
- Metros lineais ocupados, non sobrepasando os 3 m. de fondo, incluído o vehículo.

### Artigo 7.- Cotas

Os pagamentos serán segundo a Ordenanza: **0,601012 euros** metro lineal.

O aboamento será mensual e anticipado, mediante entidade bancaria ou de ser o caso, na Recadación Municipal deste Concello.

O que así non o faga, poderáselle retirar a autorización concedida.

### Artigo 8.- Censo de mercadores.

O censo de mercadores será o que existe en data 15 de novembro, non podendo ampliarse este censo agás que haxa unha renuncia expresa do comerciante



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

que non lle interese vir ao mercado de Foz, se así ocorrese ocuparía o seu posto o seguinte na lista de reservas que se estableza.

### **Artigo 9.- Outros aspectos a cumprir.**

Non se poderá aumentar metros sen previa autorización por parte do Concello.

Os vendedores serán os responsables encargados de deixar o entorno limpo. De non ser así serán advertidos; en caso de ser reincidentes, poderáselles retirar o permiso municipal correspondente.

O Concello colaborará instalando os colectores de lixo necesarios.

Os mercadores que faltasen un mes seguido sen xustificación ningunha, poderáselles retirar a autorización.

A Policía Local realizará servizos de vixilancia pola zona do mercado co obxecto de que se cumpran as normas establecidas.

Tanto a documentación esixida, como a Tarxeta Identificativa deberán amosala a calquera membro da autoridade que o pida.

### **Artigo 10.- Sinalización**

Cartel informativo do Mercado, que se colocará na Avda. de Ribadeo, 50 metros antes da intersección da rúa Concello de Barreiros con Avda. de Lugo (na marxe dereita dirección Burela).

Colocar 5 carteis informativos de "Mercado Pechado", un na intersección prolongación Rúa Concello de Barreiros con zona do porto; dous na intersección Valle Inclán con zona do Peirao (próximo Bar Siso); outro na intersección Congostra con Rúa Paco Maañón; outro xunto a Igrexa, na barreira que se coloca con dirección prohibida tódolos martes de mercado.

Pecha-lo tráfico rodado na zona situada fronte á Lonxa e Fábrica de Xeo, excepto para aqueles servizos que necesitan dos servizos das devanditas naves. Mediante a colocación de 3 direccións prohibidas: dous ao final de Valle Inclán próximas ao Bar Siso, onde se sitúan as de mercado pechado e outro próximo á Fábrica de Xeo.

Sinalizar a delimitación de Mercado con liña branca fronte á primeira caseta de pescadores cara a terceira embocadura de zona de Porto-inicio.

Se fose posible, marcar a delimitación de cada posto.

### **Disposición final**

A presente Ordenanza que consta de cinco artigos, entrará en vigor unha vez publicada no BOP e transcorrese o prazo a que se refire o artigo 70.2 en relación co 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e comezará a aplicarse a partir do día un de xaneiro de mil novecentos noventa e nove, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.